



INSTRUCCIÓN DA VICERREITORÍA DE INTERNACIONALIZACIÓN E COOPERACIÓN SOBRE A ACREDITACIÓN LINGÜÍSTICA DO ALUMNADO PARA O ACCESO A ESTUDOS DE GRAO E MESTRADO

Mediante esta instrución fíxanse as vías de acreditación lingüística do alumnado para o acceso a estudos de grao e mestrado:

1. Acceso a estudos de grao:

O alumno deberá acreditar algunha das seguintes condicións:

- A. Estar en posesión dunha certificación oficial de nivel B1 de inglés (só se admitirán os certificados recoñecidos pola Asociación de Centros de Linguas no Ensino Superior, que se poden atopar en <http://www.acles.es/es/tablas-certificados-admitidos-acles>)
- B. Ter superado 4.º da ESO ou un curso de bacharelato en sistemas educativos de lingua inglesa.
- C. Estar en posesión do diploma de asistencia e aproveitamento de B1.2 ou superior do Centro de Linguas da Universidade da Coruña. Tamén se admitirán certificados similares expedidos por centros de linguas doutras universidades españolas.

En caso de que o alumnado non poida acreditar ningunha das condicións previas no momento da matrícula, disporá de prazo ata o último día do primeiro cuatrimestre para acadar a devandita acreditación. O incumprimento deste requisito suporá que o alumno non poderá continuar no programa bilingüe agás prórroga concedida pola comisión académica do centro.

2. Acceso a estudos de mestrado:

O alumno deberá acreditar algunha das seguintes condicións:

- Cumprir algún dos requisitos do punto 1 desta instrución (A, B ou C).
- Ter realizado unha estadía académica durante o grao de, polo menos, un cuatrimestre. É preciso que a devandita estadía reúna os seguintes requisitos:
 - i) Que a docencia recibida durante a estadía se impartira en inglés.



- ii) Que durante a estada se superaran, polo menos, 18 créditos correspondentes a materias impartidas en lingua inglesa.

Quedan eximidos de acreditar o idioma os graduados (anteriormente licenciados) de titulacións en que o inglés sexa a lingua de instrución de cando menos o 40% das materias cursadas consonte á actual Normativa reguladora da docencia en inglés nas titulacións da Universidade da Coruña (aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2015 e modificada no Consello de Goberno do 14 de abril de 2016) no artigo 1, apartado 2.

Así mesmo, quedan eximidos de acreditar este requisito o estudiantado procedente dos graos de Estudos Ingleses, os de Tradución e Interpretación, Linguas Modernas e outros de similar condición.

A Coruña, 18 de xullo de 2018